



## Cincuenta anos de luz

Ofrécese hoxe aos ollos do amator do País e das súas mil tonalidades e rostros, a obra selecta de Xavier Pousa, un dos artistas que mellor soubo de construír a nosa realidade e transustanciala en gloria plástica.

Criado entremedias dos labores e angueiras do agro, nos xardíns estourantes de capricho floral dos vellos emigrantes ao trópico americano, cabo do Río paterno que acouga e retrasa a catástrofe planetaria da súa fin, as montañas azuis ao lonxe, co casarío branco de Vila Nova de Cerveira fronte os ollos alouleados, no seo dunha vella e honrada familia arraiana do Tollo, en Goián, que canta ao falar con diptongos imposíbeis, a Boega e a Illa dos Amores alí, sendo o rostro do idilio e da pastoral eternos, co doce e co amargue das cociñas e os licores líricos do meixón e o cilantro a educarlle cuspe e lingua, Xavier Pousa resultou para a nosa cultura o produto total do Baixo Miño, a Terra última de Galicia, a máis aberta e ceibe, igual, o artista, en apuramento e punto ás grandes combinacións brancas da treixadura e o abelleiro ou albariño, coas proporcións exactas, o pintor, con que a sobreira ensombrece os curutos encantados dos santuarios para facer máis severa a canción mourada das carrasacas e a luxuria marela das xestas e o toxal. Eis, hoxe, a plenitude do artista dono dos seus poderes.

Rigurosamente instruído desde a nenez no taller, que fora monacato laico, de Don Antonio Fernández, Xavier Pousa voou, coma a garza das Canosas, a todos os países do mundo e a todas as estéticas do seu tempo, introduciu a ollada penetrante en cada forma, liña, mancha, deleitándose cos sabores mil das luces e os seus quebrantos infinitos. Finalmente, musculou os interiores dos seus cadros con pulos de renovación, por veces secreta, outras notoria. Fondeou, así, no pozo da madurez e da sabedoría. Botou a áncora da seguridade e amalooou os cabos do seu barco de río para que o aparello de alcherife se lle ateigase das paisaxes e as figuras, e as abstraccións líricas; farto.

E hoxe, amo da súa arte, señor da propia man e confirmado no desexo de pureza absoluta que non se dá matado, Xavier Pousa amósasenos nesta exposición case todo (enteiro, non podería) e a súa grandeza énos tan evidente coma o estralo desta primavera na que escribo, non en van os nosos ollos reciben eiquí o destello de cincuenta anos de luz.

**Serra do Galiñeiro, Marzo 1994**  
**X. L. Méndez Ferrín**  
**Catálogo de exposicións do**  
**Centro Cultural Caixavigo**  
**Xavier Pousa 32 Grandes Artistas**  
**Galegos**